

# PARECE UNHA FORMIGA

Texto e ilustracións de PABLO OTERO

Encadernación rústica. 15 x 23,5 cm. 48 páx. 12 €.

**Parece unha formiga** (galego)

ISBN 978-84-16721-45-0. Rizomas. Factoría K.

**Parece una hormiga** (castelán)

ISBN 978-84-16721-46-7. Rizomas. Factoría K.

*Parece unha formiga, pero é unha mancha,  
é unha mancha, pero parecen pegadas,  
parecen pegadas, pero son restos dunha festa,  
son restos dunha festa, pero parecen os meus lunares,  
parecen os meus lunares, pero é un 8 esmagado...*

Poético, enigmático, reflexivo, ás veces transcendental...

“Parece unha formiga” é un conxunto de textos ilustrados, ou de ilustracións que deviron en ideas, palabras, frases encadeadas que medran en intensidade e riqueza a cada páxina. Nesta nova obra como escritor e artista, Pablo Otero recréase en verbalizar pensamentos, airear os recunchos esquecidos do subconsciente, sen reparo -dende a liberdade e o desafío- a chamar cousas ás cousas. O autor e ti na confianza dunha mesa compartida nun café ou na cercanía dun paseo a carón do río, que é tanto como dicir na intimidade do papel. Porque este libro quere ir contigo, na túa carteira ou no teu peto, respirar o aire que respiras, ir ao ritmo dos teus pasos, mimetizarse coa túa pel.

Quen aquí se expresa é un adulto que non deixou de ser neno: os seus interrogantes gardan o eco da inocencia, a rotundidade das grandes verdades, o pouso de habitar o mundo coa mirada curiosa e crítica, consciente e inxenua, madura e pícara. Sen artificios literarios pero froito dun minucioso traballo de escrita, revisión e reelaboración, esta lectura transpórtate a unha esencia que abrangue o remoto e o recóndito. É unha invitación a ler, reler e volver ler saboreando as letras, tocando o intanxible, escoitando o silencio e sorprendéndose cos seus destellos retóricos.

Nunha sociedade saturada de información (e onde moitos se pasan de listos), esta obra é un eloxio do pracer de saber que no se sabe nada, unha oda ao estraño e ao incompreensible, un foco iluminando as preguntas que ninguén se pregunta. *Parece unha formiga* pero é un xogo léxico que cuestiona a lóxica establecida; un museo en miniatura de cadros abstractos que difuminan os lindes entre figuración e imaxinación. E de tan singular e único na súa forma e no seu fondo, converteuse no primeiro título da nova colección *Rizomas*.

*Parece unha formiga* pero é un formigueiro que atesoura emocións e historias imperfectas, bonitas e raras a un tempo. Dálles de comer ás agachadas... e voarán.



- **Temática:** relatos breves de ton poético.
- **Idade recomendada:** lectores xuvenís e adultos.
- **Aspectos destacables:** colección *Rizomas*; filosofía, escrita creativa, arte abstracta; do ilustrador de “[Contos por teléfono](#)” (Premio Isaac Díaz Pardo 2011), “[A raíña de Turnedó](#)” e “[A cociña de Toto Murube](#)” (Kalandraka).
- **Avance do libro:**  
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/parece-unha-formiga-g>

## Pablo Otero

(Ourense, 1970)

Iniciou a súa traxectoria na Facultade de Belas Artes de Pontevedra. Artista visual e ilustrador, expón os seus debuxos, pinturas e esculturas en galerías de toda Galicia. Ten sido artista invitado na École Internationale de Genève, nas escolas públicas de São João da Madeira en Portugal ou na Laboral de Gijón. Con máis dunha vintena de libros publicados, recibiu os premios María Casares e FETEN de Escenografía 1999, unha mención no Premio Llibreter 2000 por “Mateo” e o Premio Isaac Díaz Pardo de Ilustración 2011 por “Contos por teléfono”, ambos de KALANDRAKA. Colabora con estudosios de arquitectura elaborando propostas para obra pública e privada.  
[https://www.instagram.com/pablo\\_otero\\_rodriguez](https://www.instagram.com/pablo_otero_rodriguez)

